

## Seres míticos

### *A muller encantada nas Penas da Salsa*

Nas Penas da Salsa, en Fazouro, concello de Foz (Lugo) Josefa (era entón unha nena de 12 anos) viu sentada sobre as penas unha rapaza totalmente espida. Tiña o cabelo louro e longo, e peiteábase cun peite que brillaba coma se fose de ouro.

Josefa saudóuna:

Bos días, señora!

Pero a moza non lle respondeu.

Bos días, señora!  insistiu Josefa, pensando que o runxir do mar non lle deixara oír.

Mais a moza tampouco lle contestou desta volta e acabou desaparecendo da súa vista.

Cando Josefa chegou á súa casa e comentou o que lle pasara, díxéronlle que nunca máis se achegase ás Penas da Salsa, que era lugar encantado e moi perigoso.

Neste mesmo lugar téñense escoitado músicas que non sabe de onde viñan nin que as producía.

## BIBLIOGRAFÍA

BASANTA MARTÍNEZ, X. *Foz. Historias, contos e lendas*, Deputación Provincial de Lugo, 2003.